

## Sabattini inaugura o domingo o Festival da Ópera da Coruña

O tenor italiano, que interpretará arias e cancións, é unha das máis escintilantes estrelas do universo operístico. **Páx. 28**



## Carballo reconcibe a forma de difundir os libros nas vilas

Comeza a Feira da Literatura, que conxuga os postos dos libreiros cun programa baseado nas actividades. **Páx. 30**

## O PP contratou a Banda Bassoti para actuar en Cáceres

Yolanda Díaz acusaos de incoherentes despois da polémica que lle montaron a ela por incluílos nas festas de Ferrol. **Páx. 30**





**O Protocolo de Kioto** obriga a que os países industrializados reduzan as súas emisións de gases contaminantes.

# A negociar coa **ecoloxía**

Yvo de boer, responsable da ONU sobre o cambio climático, propúxolles ás nacións ricas que lles paguen aos países en desenvolvemento para que estes reduzan as emisións de $CO_2$ no seu lugar. A suxerencia motivou as críticas de varios grupos de ecoloxistas que se opoñen a unha medida contraria ao espírito das Nacións Unidas.

Segundo un alto funcionaro da ONU, as nacións ricas non terían que reducir as súas emisións de dióxido de carbono ($CO_2$) se lles pagan aos países en desenvolvemento para que o fagan no seu lugar. Esta é a controvertida suxestión de Yvo de Boer, director da Convención Marco das Nacións Unidas sobre o Cambio Climático (CMNUCC) que provocou o enfado dos grupos de defensa do medio natural.

O Protocolo de Kioto obriga a que as nacións industrializadas reduzan elas mesmas as súas emisións pero de Boer afirma que iso é ilóxico, xa que a envergadura do problema é tal que "resulta moi caro para as nacións seguir cortando as emisións", declarou o director de CMNUCC. Segundo Yvo de Boer, deberíaselles permitir aos países ricos pagar pola exención do 100% das súas responsabilidades, ainda que dubida que algún deses estados prefira esta vía.

Pola súa banda, grupos ecoloxistas como Amigos da Terra ou Greenpeace defenden que os problemas do cambio climático non se resolverán ata que tanto os países ricos como os pobres corten as súas emisions. Afirman que a proposta se opon aos principios da ONU, que acordou que os estados ricos que contribúen ó incremento do cambio climático deberían facer os maiores esforzos por reducilo.

Os expertos alertan de que as emisións de $CO_2$ se deben reducir nun 80% antes do 2050 polo que "a proposta de de Boer non chegará a tempo para as reducións que se precisan", sinalou Mike Childs, da ONG Amigos da Terra.●